

Vigo, 21 de maio de 2021

Estimadas familias:

En cumprimento do disposto pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** na **Orde do 6 de maio de 2021 (DOG 19 de maio) que regula a participación no fondo solidario de libros e as axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar**, pasamos a indicaros o proceso que debedes seguir para tramitar as solicitudes.

Estas axudas van dirixidas a alumnado que durante o curso escolar 21/22 estea matriculado en calquera dos cursos de **primaria** ou **ESO**.

Pódense tramitar dous tipos de solicitude:

- **Axuda de material escolar**, que ten un importe de 50 €. O requisito para a concesión é que a renda per cápita da unidade familiar non supere os 6.000 €.

- **Libros de texto**:

- o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e toda a ESO, pode participar no **fondo solidario de libros**, reutilizando no curso 21/22, libros de texto xa empregados por alumnado no actual curso 20/21.

- o alumnado de 1º e 2º de primaria, pode solicitar **axuda para a adquisición de libros de texto**, xa que non existe fondo de libros nestes cursos.

Tanto os beneficiarios do fondo de libros coma os da axuda para libros de texto, terán que devolver os libros concedidos ao remate do curso escolar. Para poder optar ao fondo de libros ou ás axudas de libros de texto, **a renda per cápita familiar** (referida ao exercicio 2019) **non poderá superar os 10.000 €**. A renda per cápita familiar é o resultado de dividir todos os ingresos da unidade familiar (suma dos recadros 435 e 460 da/s renda/s do 2019) entre o número de integrantes da mesma (aqueles con discapacidade dun 33% ou maior contan por dous). Terase en conta a situación familiar a 31/12/2019, así que non se terán en conta os fillos ou fillas que naceron, ou foron acollidos/as despois desa data.

Aquelas familias que desexedes tramitar a solicitude, deberedes facelo preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación da Xunta "Fondolibros" (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica <https://sede.xunta.gal> ou opcionalmente na **secretaría do Colexio (recomendamos a presentación telemática para seguir as recomendacións sanitarias)**.

As familias que superen o umbral de renda de 10.000 €, poden solicitar fondo de libros, pero so terán acceso ao mesmo, por onde inversa á renda per cápita da unidade familiar, no caso de que unha vez entregados os libros ás familias que non superen ese umbral, quedase algún remanente no fondo sen entregar.

A documentación que deberedes presentar xunto coa solicitude é a seguinte:

- Anexo II (comprobación de datos dos membros da unidade familiar)
- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada do certificado de grao de minusvalía, se algún dos membros da unidade familiar ten discapacidade con porcentaxe igual ou superior ao 33%,

Podedes conseguir o impreso (anexo I) e tamén o anexo II na secretaría do Colexio ou na páxina web <http://www.edu.xunta.gal>, onde tamen atoparedes toda a información relativa ás axudas. **O prazo de entrega de solicitudes remata o 22 de xuño**, aínda que **para axilizar os trámites, pregámosvos que os que pensades facer a solicitude, o fagades canto antes.**

Lembrade que aqueles que recibistes fondo ou axuda de libros de texto para o presente curso escolar (20/21), tendes ata o 22 de xuño para devolver os libros.

Dadas as circunstancias actuais, o profesorado titor de cada grupo, enviará próximamente un calendario de recollida de notas e material na Escola dun xeito escalonado (a partir do 22 de xuño). Ese mesmo día da recollida poderedes entregar os libros ao profesorado titor.

Para calquera aclaración podedes chamar á secretaría do Colexio (986-288095) en horario de 9:00 a 14:00

Unha aperta.